



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Aprobación provisional da modificación das Ordenanzas fiscais números 16 e 23

De conformidade co establecido no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Pleno da Corporación do Concello de Cambre, en sesión ordinaria de data 26 de novembro do 2020, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

Aprobar provisionalmente para o exercicio 2021 a modificación da disposición final da Ordenanza fiscal n.º 16, reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, espectáculos, atraccións ou recreo e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

Aprobar provisionalmente para o exercicio 2021 a modificación da disposición final da Ordenanza fiscal n.º 23, reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante.

No caso de que o orzamento do exercicio 2020 sexa prorrogado ao 2021, declarar non dispoñibles os créditos correspondentes á aplicación orzamentaria “2020/920.16000 Seguridade Social Administración Xeral” por importe de 46.000,00 euros, para dar cumprimento á Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo das ordenanzas fiscais modificadas durante o prazo de trinta días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto das ordenanzas modificadas.

Cambre, 2 de decembro de 2020.

A concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos

P.D. (R.A. núm. 1323/2019, do 1 de xullo)

Maria Dolores Pan Lesta

2020/9264